



Sobre o galego

□ Morfosintaxe

- O substantivo
- O adxectivo
- Os artigos
- Os pronomes
- Os demostrativos
- Os posesivos
- Os indefinidos
- Os adverbios
- Os interrogativos, exclamativos e relativos
- Os numerais
- O verbo
- A negación
- As preposicións e as conxuncións
- A orde das palabras

O substantivo

Os substantivos en galego reciben obrigatoriamente as categorías de xénero e número. O xénero orixina dúas clases morfolóxicas: *masculino* e *feminino*. O número tamén opón dous elementos: *singular* e *plural*.

Calquera substantivo debe soportar na súa constitución esas categorías e debe encadrarse sempre, polo menos, nunha das clases que cada categoría orixina: *o mar* (masculino, singular), *a vida* (feminino, singular), *os anteollos* (masculino, plural), *as gafas* (feminino, plural).

O xénero

Dentro da categoría xénero existen substantivos que só pertencen a unha clase: ou son masculinos (*o mar, o sangue*), ou son sempre femininos (*a ponte, a vida*); e existen substantivos que poden incluírse nas dúas clases (*o rei ~ a raíña, o pozo ~ a poza*). Neste último caso o xénero pode aparecer marcado por procesos flexionais (*o pozo ~ a poza*), derivativos (*o galo ~ a galiña*) ou supletorios (*o home ~ a muller*). O xénero non é formalmente predicible, pero pódese xeneralizar dicindo que as terminacións *-e* e *-o* se asocian ó masculino (*o dote, o carballo*), mentres que a terminación *-a* se asocia ó feminino (*a cama*); con todo, existen excepcións (*a ponte, a moto, o día*).

A información que incorpora a categoría xénero en galego pode facer referencia a oposicións coma as de: macho ~ femia (*boi ~ vaca*), grande ~ pequeno (*poza ~ pozo*), individual ~ colectivo (*leño ~ leña*), etc.

O número



A pesar de que a maioría dos substantivos admiten a flexión de número, existen algúns que carecen de singular (*as gafas, os víveres*). A información que a categoría número achega fai referencia á oposición *un ~ máis de un (o can ~ os cans)*.

A forma do plural na flexión lógrase xeralmente engadindo un morfema {s}, que toma direrentes alomorfos segundo o contexto:

- Palabras rematadas en vocal + /s/: *casa + s > casas*
- Palabras rematadas en -n + /s/: *corazón + s > corazóns*
- Palabras polisílabas agudas rematadas en -l > Ø + /is/: *xornal + is > xornais*
- Palabras non agudas rematadas en -l + /es/: *túnel + es > túneles*
- Palabras monosílabas rematados en -l + /es/: *sol + es > soles*
- Palabras rematadas noutra consoante + /es/: *cor + es > cores*

O adxectivo

Da mesma maneira cós substantivos, os adxectivos deben suma-las categorías de xénero e número. A diferenza dos substantivos, os adxectivos non teñen un xénero nin un número inherentes e deben concordar co substantivo que acompañan: *un home santo ~ unha muller santa, un bo amigo ~ uns bos amigos*. Os adxectivos forman o seu plural seguindo as mesmas regras có substantivo.

No que atingue á posición respecto ó substantivo, hai que dicir que o máis normal é que vaia situado despois deste: *casa nova, agasallo caro, cadro fermoso*, etc. A anteposición é menos frecuente e pode afectar ó significado dos adxectivos: *muller pobre* ('sen cartos') ~ *pobre muller* ('desgraciada').

A gradación

A comparación en galego constrúese xeralmente de forma analítica:

- A) para a comparación de superioridade empréganse as partículas *máis + que / ca*: *Este libro é máis barato ca ese.*
- B) para a de inferioridade utilízanse *menos + que / ca*: *Hoxe o coche é menos rápido có tren.*
- C) para a de igualdade sérvese de *tan + como / coma*: *Xela é tan alta coma ti.*

Os artigos

Os artigos deben preceder sempre ó substantivo, presentan flexión de xénero e número e teñen sempre que concordar co substantivo que determinan. Os artigos poden utilizarse pronominalmente: *A saia de cor vermella séntache ben; a de cor azul estache grande {a = a saia}. Helena foi cun vestido novo á festa; eu fun cun vello {un = un vestido}.*

En galego distínguese entre artigo definido e indefinido:

Definidos

O artigo definido presenta dous alomorfos que aparecen en distribución complementaria. O alomorfo denominado *segunda forma do artigo* aparece tras determinadas palabras rematas en -s ou en -r.

- Primeira forma: masculino** *o ~ os*, **feminino** *a ~ as*
- Segunda forma: masculino** *lo ~ los*, **feminino** *la ~ las*

Exemplos da primeira forma: *Dáme o libro: Cantan os rapaces*. Exemplos da segunda forma:

¿*Laváche-lo coche?*; *Ela fai ximnasia tódalas mañás.*

Na representación gráfica deste fenómeno, as chamadas segundas formas do artigo (*lo, la, los, las*) utilízanse da seguinte maneira:

- A) con trazo tralas formas verbais rematadas en *-s* ou en *-r* (*Ve-lo rapaz* [= *Ves + o rapaz*]; *Abri-la porta* [= *Abrir + a porta*]), tralos pronomes persoais que rematan en *-s* (*Dálle-las gracias* [= *Dálles + as gracias*]);
- B) sen guión tralas preposicións *por, des, tras* (*Vén polo camiño, Véxoo dela torre*), e tralo indefinido plural *todos* (*Tódalas nenas coñecen ese conto*).

Os artigos definidos contraen coas preposicións *a* (*ó ~ á ~ ós ~ ás*), *ca* (*có ~ cá ~ cós ~ cás*), *con* (*co ~ coa ~ cos ~ coas*), *de* (*do ~ da ~ dos ~ das*) e *en* (*no ~ na ~ nos ~ nas*).

O representación gráfica destas segundas formas só é obrigatoria cando seguen a preposición *por*: *Pola mañá* (non *Por a mañá*).

Indefinidos

- Masculino:** *un ~ uns*
- Feminino:** *unha ~ unhas*

Os artigos indefinidos contraen coas preposicións *con* (*cun ~ cunha ~ cuns ~ cunhas*), *de* (*dun ~ dunha ~ duns ~ dunhas*) e *en* (*nun ~ nunha ~ nuns ~ nunhas*).

Exemplos: *Chegou de viaxe dun país europeo; Helena foi á festa cun vestido novo; O gato está nunha caixa.*

Os pronomes

O pronome persoal

Os pronomes persoais ordénanse en galego en dúas series: unha serie constituída por formas tónicas e outra por formas átonas. Estas últimas só aparecen no ámbito da frase verbal e apoiadas acentualmente no verbo.

Pronomes tónicos

Formas rectas

- 1ª Persoa:** singular *eu*, plural *nós / nosoutros ~ nosoutras*
- 2ª Persoa:** singular *ti*, plural *vós / vosoutros ~ vosoutras*
- 3ª Persoa:** singular *el*, plural *eles ~ elas*

Funcionan xeralmente de suxeito da oración. Non existe un pronome neutro de terceira persoa, ou que adquira unha forma especial cando o referente é unha cousa ou un ser non animado. As formas denominadas exclusivas *nosoutros ~ vosoutros* utilízanse cando o falante se quere referir a un grupo cerrado que exclúe algúns elementos da referencia; as formas inclusivas *nós ~ vós* representan un grupo máis amplo que non se subdivide: *Todos nós somos de Muros, pero só nosoutros tres nacemos na vila.*

Como forma de cortesía de segunda persoa utilízase o pronome *vostede*. Con este pronome o verbo aparece en terceira persoa: *Vostede sabe o meu nome. Vostedes non están convidados ó casamento.*

Formas oblicuas

- **1ª Persoa: singular** *min*, **plural** *nós / nosoutros ~ nosoutras*
- **2ª Persoa: singular** *ti*, **plural** *vós / vosoutros ~ vosoutras*
- **3ª Persoa: singular** *el ~ ela / si*, **plural** *eles ~ elas / si*

Estas son as formas que os pronomes tónicos toman cando van precedidos por unha preposición. A forma *si* utilízase con valor reflexivo: *Antonio[a] deulle[b] un pouco de pastel a seu irmán[b] e quedou[a] con outro tanto para si[a]*.

As seguintes formas utilízanse cando os pronomes anteriores seguen a preposición *con*:

- **1ª Persoa: singular** *comigo*, **plural** *connosco / con nós / con nosoutros ~ con nosoutras*
- **2ª Persoa: singular** *contigo*, **plural** *convosco / con vós / con vosoutros ~ vosoutras*
- **3ª Persoa: singular** *consigo / con el ~ ela*, **plural** *consigo / con eles ~ elas*

Exemplos: *Xulio, ¿vés comigo ó recado?*; *Susana dixo que non quería nada contigo*; *Vai con ela, está vella e pode caer*.

Na terceira persoa, a forma *consigo* non é intercambiable coas variantes *con el ~ ela*, pois a primeira posúe unicamente valor reflexivo.

Pronomes átonos

- **1ª Persoa singular: acusativo** *me*, **dativo** *me*
- **2ª Persoa singular: acusativo** *te*, **dativo** *che*
- **3ª Persoa singular: acusativo** *o ~ a / lo ~ la / no ~ na*, **dativo** *lle*
- **1ª Persoa plural: acusativo** *nos*, **dativo** *nos*
- **2ª Persoa plural: acusativo** *vos*, **dativo** *vos*
- **3ª Persoa plural: acusativo** *os ~ as / los ~ las / nos ~ nas*, **dativo** *lles*

Exemplos: *Desde aquí véxote ben*; *¿Deiche o libro ou non?*

A distribución dos alomorfos da terceira persoa é a seguinte:

A) a forma *o ~ a* aparece tralos verbos rematados en vocal ou consoante *-n*: *ámao* (*ama + o*), *cóllea* (*colle + a*), *ámano* (*aman + o*), *cólleo* (*collen + o*).

B) a forma *lo ~ la* aparece tralos verbos rematados nas consoantes *-s* ou *-r*: *cóllelo* (*colles + o*), *collelo* (*coller + o*), *pártela* (*partes + a*), *partila* (*partir + a*).

C) a forma *no ~ na* aparece tralos verbos rematados en ditongo: *amouno* (*amou + o*), *colleuna* (*colleu + a*), *partiuno* (*partiu + o*).

Aínda que o máis común é que os pronomes átonos desenvolvan unha función sintáctica argumental na oración, ás veces son sintacticamente prescindibles (por exemplo, en *dóecheme a cabeza*, *che* é dativo de solidariedade e *me* complemento indirecto; en *déronlleme un premio ó cativo*, *lle* é complemento indirecto e *me* dativo de interese).

As formas que se utilizan como pronomes reflexivos e recíprocos son: *me*, *te*, *se* (para o singular) e *nos*, *vos*, *se* (para o plural). Os pronomes átonos reflexivos só poden desenvolver a función de complemento directo: *Antonio[a] lavouse[a]*.

As formas *me*, *te*, *se*, *nos*, *vos* e *se* tamén se utilizan para imposibilita-la aparición do axente dunha acción: *Véndese esta casa*.

As secuencias de pronomes átonos presentan unha orde fixa e uns poden contraer con outros: *Deicho* = *dei* + *che* + *o*; *Déillelo* = *dei* + *lles* + *lo*; *dóuvolo* = *dou* + *vos* + *lo*.

Orde pronominal

Nas cláusulas simples afirmativas e nas interrogativas o pronome vai usualmente colocado á dereita do verbo: *Levoute de paseo*; *Túa irmá trouxovos un regalo*; *¿Déronlle o caderno?* Nas cláusulas negativas, nas subordinadas, nas optativas, etc. o pronome sitúase á esquerda do verbo: *A vendedora non me devolveu os cartos*; *Alberte dixo que lle levases un vaso de auga*; *Ogallá lle dean un premio*.

Os demostrativos

Os demostrativos poden funcionar como adxectivos ou substantivos. O pronome neutro desenvolve só a función nuclear.

- 1ª Persoa: masculino** *este* ~ *estes*, **feminino** *esta* ~ *estas*, **neutro** *esto* ~ *isto*
- 2ª Persoa: masculino** *ese* ~ *eses*, **feminino** *esa* ~ *esas*, **neutro** *eso* ~ *iso*
- 3ª Persoa: masculino** *aquel* ~ *aqueles*, **feminino** *aquela* ~ *aquelas*, **neutro** *aquelo* ~ *aquilo*

Os demostrativos contraen coas preposicións *de* e *en*: *deste* ~ *dese* ~ *daquel*, *neste* ~ *nese* ~ *naquel*.

Exemplos: *Niso non estamos de acordo*. *Marchou desa casa para nunca volver*. *Dáme eses e queda ti con estes*.

Os posesivos

Os posesivos deben concordar en xénero e número co substantivo que acompañan (a cousa posuída): *o meu coche*, *os meus coches*, *a miña casa*, *as miñas casas*. Os posesivos soportan tamén as categorías gramaticais de persoa e número do posuidor: *o meu coche* (posuidor: 1ª persoa singular), *o teu coche* (posuidor: 2ª persoa de singular); *o noso coche* (posuidor: 1ª persoa de plural); *o voso coche* (posuidor: 2ª persoa de plural).

- 1ª Persoa singular: masculino** *meu*, **feminino** *miña*
- 2ª Persoa singular: masculino** *teu*, **feminino** *túa*
- 3ª Persoa singular: masculino** *seu*, **feminino** *súa*
- 1ª Persoa plural: masculino** *noso*, **feminino** *nosa*
- 2ª Persoa plural: masculino** *vosu*, **feminino** *vosa*
- 3ª Persoa plural: masculino** *seus*, **feminino** *súas*

Os posesivos deben ir precedidos dun determinante: *o meu can*, *este meu can*, *un meu can*, *o can meu*, *este can meu*, *un can meu*.

Existe un posesivo con valor distributivo: *cadanseu* ~ *cadanseus* ~ *cadansúa* ~ *cadansúas*. Exemplos: *Os nenos ían con cadanseu paraguas* [= *Os nenos ían cada un co seu paraugas*]; *Fumade cadanseu cigarro e nada máis* [= *Fumade cada un o voso cigarro*].

As locucións *de meu*, *de teu*, *de seu*, *de noso*, *de voso*, *de seu* úsanse para expresar unha posesión exclusiva; son invariables en canto ó xénero e ó número da cousa posuída, pero varían segundo o número e a persoa do posuidor: *Dende hai cinco anos xa vivimos nunha casa de noso* [= *da nosa*].

propiedade].

Os indefinidos

A clase dos indefinidos constitúena unidades que desenvolven funcións nucleares, unidades que funcionan como determinantes e unidades que comparten ámbalas funcións. Segundo a semántica dos indefinidos establécense dous grupos: os *cuantificadores* (indican unha cantidade: *máis, menos, nada, pouco, todo*, etc.: *Dáme máis; ¿Queres unha pouca auga?; Comeu toda a comida*) e os *identificadores* (mostran un elemento: *algún, outro, calquera, tal*, etc.: *Algún dos presentes sabe quen o fixo o crime; Non foi ese, foi outro que non digo*).

Os adverbios

Os adverbios son formas invariables que poden modificar un verbo, un adxectivo, outro adverbio ou un enunciado completo. Esta clase de palabras sinala circunstancias como modo (*como, ben, mal*, etc.), tempo (*hoxe, mañá, pasadomañá, onte, antonte, antesdantonte, xa, agora, despois, nunca*, etc.), etc. Dentro dos adverbios de lugar destacan os chamados deícticos; estes adverbios sitúan os obxectos respecto ás tres persoas gramaticais: *aquí* 1ª persoa, *ai* 2ª persoa, *alí* 3ª persoa. Tamén existen locucións adverbiais: *de repente, de vagar, a modo, ó xeito*, etc.

Os interrogativos, exclamativos e relativos

Os pronomes que se usan como interrogativos, exclamativos e relativos son *que, quen* (só para persoas) e *cal*. As formas *canto, cando, onde, como* poden usarse como interrogativos e como relativos: *¿Quen sabe onde está?; ¿Cando vas?; ¿Cantas queres?; ¿De que falas?; ¿Como se fai iso?; ¿Que caro!; ¿Canto falas!; A muller que me gusta é esa; O rapaz con quen falo non veu; A casa á cal lle plantaron lume quedou derruída*.

Os numerais

Ordinais

1 un ~ unha, 2 dous ~ dúas, 3 tres, 4 catro, 5 cinco, 6 seis, 7 sete, 8 oito, 9 nove, 10 dez, 11 once, 12 doce, 13 trece, 14 catorce, 15 quince, 16 dezaseis, 17 dezasete, 18 dezaeito, 19 dezanove, 20 vinte, 21 vinteún ~ vinteúnha, 22 vintedous ~ vintedúas, 23 vintetrés, etc., 30 trinta, 31 trinta e un ~ trinta e unha, 32 trinta e dous ~ trinta e dúas, etc. 40 corenta, 50 cincuenta, 60 sesenta, 70 setenta, 80 oitenta, 90 noventa, 100 cen, 200 douscentos ~ duascenas, 300 trescentos ~ trescentas, 400 catrocentos ~ catrocentas, 500 cincocentos ~ cincocenas ou quiñentos ~ quiñentas, etc. 1.000 mil, 1100 mil cen, etc., 10.000 dez mil, etc., 100.000 cen mil, 1.000.000 un millón, etc.

O número 34.897 escríbese en letra *trinta e sete mil oitocentos noventa e sete*.

Cardinais

1º primeiro, 2º segundo, 3º terceiro, 4º cuarto, 5º quinto, 6º sexto, 7º sétimo, 8º oitavo, 9º noveno, 10º décimo, 11º undécimo ou décimo primeiro, 12º duodécimo ou décimo segundo, 13º décimo terceiro, etc. 20º vixésimo, 21º vixésimo primeiro, etc., 30º trixésimo, 40º cuadraxésimo, 50º quincuaxésimo, 60º sesaxésimo, 70º septuaséximo, 80º octoxésimo, 90º nonaxésimo, 100º centésimo, etc.

Tódolos cardinais teñen flexión de xénero e número, e concordan co substantivo que acompañan: *Chegou no vixésimo sétimo lugar*.

O verbo

O sistema verbal galego conta con tres conxugacións: a de tema en *-a-* (primeira conxugación), a de tema en *-e-* (segunda conxugación) e a de tema en *-i-* (terceira conxugación). A maior parte dos verbos suxéitase a un destes modelos regulares de conxugación, sen embargo existen algúns que presentan diversas irregularidades. Dentro de cada paradigma distínguese entre formas persoais e formas impersoais (o infinitivo, o xerundio e o participio). Nas primeiras, as categorías de persoa, número, modo e tempo están sempre presentes e maniféstanse dalgún xeito na flexión. As formas impersoais non conteñen as categorías de número e persoa. Débese facer unha salvidade no infinitivo, pois este tempo presenta unha forma persoal e outra non persoal: *Para faceres* [2ª Persoa de Singular] *iso non precisabas tanto ruído*; *Cómpre comermos* [1ª Persoa de Plural] *ben*; *Queremos marchar* [forma non persoal] *antes da cinco da tarde*.

A estrutura morfolóxica do verbo galego é: Raíz + Vocal Temática + Sufixo de Modo e Tempo + Sufixo de Número e Persoa; por exemplo: *comeremos* = *com* (raíz) + *e* (2ª conxugación) + *re* (indicativo futuro) + *mos* (1ª persoa plural).

Distínguese un modo indicativo e outro subxuntivo (no que se inclúe o imperativo). O modo indicativo abarca os seguintes tempos:

A) Un presente, con valor de simultaneidade (*comer*, verbo da segunda conxugación = *como*, *comes*, *come*, *comemos*, *comedes*, *comen*): *Hoxe non como na casa*;

B) Un futuro, de valor prospectivo (*comerei*, *comerás*, *comerá*, *comeremos*, *comeredes*, *comerán*): *Mañá non comerei na casa*;

C) Un pretérito, de valor retrospectivo (*comín*, *comiches*, *comeu*, *comemos*, *comestes*, *comeron*): *Onte non comín na casa*.

Existen outros tres tempos que teñen o pretérito como punto de referencia:

a) Un antepretérito, que indica unha acción anterior a outra do pasado (*comera*, *comeras*, *comera*, *comeramos*, *comerades*, *comeran*): *Eu comera cando el chegou*.

b) Un copretérito, que indica unha acción simultánea a outra do pasado (*comía*, *comías*, *comía*, *comíamos*, *comiades*, *comían*): *Eu comía cando el chegou*.

c) Un pospretérito, que indica unha acción posterior a outra do pasado (*comería*, *comerías*, *comería*, *comeríamos*, *comeríades*, *comerían*): *Eu comería cando el chegase*.

No modo subxuntivo distínguese só dous tempos. Os dous son tempos que xeralmente dependen doutra referencia temporal:

A) Un presente (*coma*, *comas*, *coma*, *comamos*, *comades*, *coman*): *Mándoche que o comas*, *Quizais hoxe coman polbo*.

Aquí inclúese o imperativo: (ti) *come*, (vós) *comede*. As outras persoas realízanse a través do presente de subxuntivo: (eles) *que coman*.

B) Un pretérito (*comese*, *comeses*, *comese*, *comesemos*, *comesedes*, *comesen*): *Mandouche que o comeses*, *Se o comeses a modo non che facía mal*.

As perífrases verbais expresan contidos relacionados co aspecto, a diátese, o tempo ou o modo: *Agora está a chover* (~ *está chovendo*), valor aspectual imperfectivo; *Teño feito moitas trasnadas cando era neno*, valor aspectual perfectiva reiterativa (acción que se fai máis dunha vez no pasado); *O ladrón foi visto polos veciños*, *As sardiñas foron pescadas ó mencer*, perífrases pasivas; *Ha de saír cando el queira*, valor temporal de futuro.

En galego non existen tempos compostos.

A negación

Para a negación utilízase a partícula *non* precedendo o verbo: *Non quero que veñas*; *Hoxe non é mércores*; *María non mercou o pan*. A "dobre negación" é obrigatoria en galego: *Non vexo nada raro*; *Dentro do cine non había ninguén*; *Non vin xente ningunha*.

As preposicións e as conxuncións

Preposicións

Existe unha serie básica de preposicións simples (*a, ante, ata, baixo, ca, canda, coma, con, contra, de, deica, des / desde / dende, durante, en, onda, para, por, sobre, etc.*): *Contra o río vai moito frío*; *Fai coma min*; *Ven canda min ó (ao) río*; *Vou deica o río*. E outra de locucións prepositivas, que son o resultado de combinar preposicións simples con outras partículas de valor adverbial ou nominal (*á beira de, ó lado de, a poder de, a prol de, a través de, cara a, amais de, antes de, en vez de, xunto de, etc.*): *Van descansar á beira do mar*; *Antes de ti estou eu*; *Traballan a prol dunha causa xusta*.

Conxuncións

Tamén existe unha serie básica de conxuncións simples (*e, e mais, nin, mais, pero, que, se, etc.*): *Se vas a Lugo, avísame*; *Queres pan ou queixo*; *Díxome que non viña*. A maioría das locucións conxuntivas fórmanse cunha preposición ou cunha locución prepositiva e maila conxunción *que*: *Desde que chegou anda raro*; *Antes de que saias, fala comigo*.

A orde das palabras

A orde máis común é SVO, aínda que tamén son posibles outras. Exemplos: SVO *A miña veciña levou o coche ó taller*, *Os paxaros escondéronse entre as pólas da árbore*, *O tren chegou con moito retraso*; OVS *Este peixe comprouno teu irmán na praza*; VSO *¿Xa trouxo María os nosos regalos?*

Os elementos con valor adverbial poden aparecer situados ó comezo do enunciado: *Onte fomos de excursión pola montaña*, *Naquel armario está a roupa de inverno*.

-
- [Sobre o galego \(páxina principal\)](#)
 - [Fonoloxía e escrita](#)
 - [Léxico\(En preparación...\)](#)
 - [O Instituto da Lingua Galega\(En preparación...\)](#)

■ [This page in english\(En preparación...\)](#)

© Francisco Dubert e Xulio Sousa, 1995

Instituto da Lingua Galega

Comentarios e suxestións: ilgsec@usc.es